

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O  
DÍA 28 DE XANEIRO DE 2010**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. Gumersindo A. Rodríguez Liz

**CONCELLEIROS:**

Dna . Begoña González López  
Dna. Verónica Arias López  
D. José Rodríguez Pérez  
D. José López Díaz  
D. José Luis Díaz López  
D. Pablo Armesto Rodríguez

No salón de Sesiós da Casa Consistorial de O Páramo (Lugo), sendo as 19:45 horas do día 28 de xaneiro do ano 2.010, e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Gumersindo A. Rodríguez Liz, reúnese en 1º convocatoria o Pleno desta Corporación coa asistencia dos Sres. Concelleiros expresados á marxe.

Da fe do acto a Secretaria titular da Corporación, Dna. Begoña Carrasco García.

Non asiste á sesión a Sra. Concelleira do PSOE, Dna. Yolanda Vázquez López; nin a Sra. Concelleira do BNG, Dna. M Jesús Gil Castro.

Aberta a sesión pola Presidencia, pásase a análise dos puntos incluídos na orde do día.

**1.- APROBACIÓN BORRADOR ACTA SESIÓN ANTERIOR.-**

Pola Presidencia sométese á aprobación do Pleno o borrador da acta da sesión anterior de 26 de novembro de 2009, quedando aprobada por unanimidade dos presentes.

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**2.-EXPEDIENTE DE DELIMITACIÓN NÚCLEO DE TORRENTE E PEDROUZOS.-**

Dase conta do expediente de delimitación de núcleo de Torrente e Pedrouzos, lembrando ó sr. Alcalde que o proxecto xa fora aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación, pero que antes de remitilo a urbanismo, chegou un informe desfavorable da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestructuras, que obrigou a modificalo proxecto e iniciar novamente o expediente, coa conseguinte exposición pública,

Non formulándose reclamacións ao respecto elévase agora ao Pleno da Corporación para a súa aprobación privisional e

prsterior envío do mesmo a Dirección Xeral de Urbanismo para a súa aprobación definitiva.

Sometese a votación ordinaria e por unanimidade dos cinco (5) membros presentes dos nove (9) membros que legalmente constituen a corporación, e polo tanto coa maioría requerida pola normativa, adoptase o seguinte

**A C O R D O:**

**Primeiro:**

Aprobar provisionalmente a delimitación do nucleo de Torrente e Pedrouzos segundo o proxecto elaborado ao efecto.

**Segundo:**

Dar traslado á Dirección Xeral de Urbanismo do expediente para a súa aprobación definitiva.

**3.- PROPOSTA RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2010.-**

Vista a existencia de unha serie de facturas emitidas, non aprobadas no ano 2009, que precisan do recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno para poder ser aboadas tal e como dispón o artigo 60.2 do RD.2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.

Visto o informe emitido pola Secretaria-intervención o 25 de xaneiro de 2010.

Sometese ao Pleno, previo dictame favorable da Comisión de Economía, a aprobación do expediente de recoñecemento de obrigas de pago do exercicio anterior ( exp.nº1/2010) con cargo ao orzamento do exercicio 2010.

Sometese a votación ordinaria e por unanimidade dos cinco (5) membros presentes dos nove (9) membros que legalmente constituen a corporación, adoptase o seguinte

**A C O R D O:**

**Primeiro:** Aprobar o expediente de recoñecemento de obrigas nº 1 /2010, con cargo o exercicio 2010, por importe de 35.917,67 euros.

#### **4.- DACIÓN CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.-**

Pola Presidencia dase conta dos Decretos, dende a sesión de 26 de outubro de 2009 ata a sesión do día de hoxe, manifestándolles aos señores concelleiros que están a súa disposición na Secretaría do Concello para o seu examen e consulta.

**Decreto da Alcaldía nº 84/2009 de data 26 de Novembro de 2009 no que se resolve:** Levantar o reparo de data 26 de Novembro de 2009, e prestar aprobación, a Factura nº 282/ de data 24/11/09 relativo a Ditram Automoción SLU, vehículo Mercedes Vito L CDI Compacto, por un importe de 40.800,00 €.

**Decreto da Alcaldía nº 85/2009 de data 30 de Novembro de 2009 no que resolve:** Concertar coa Entidade BBVA unha operación de crédito a curto prazo polo importe de Sesenta y Tres Mil Euros (63.000,00 €) e prazo de vencemento de 1 ano, con destino á Tesourería Municipal para facer fronte a unha falta de liquidez nas arcas desta entidade.

**Decreto da Alcaldía nº 86/2009 de data 1 de Decembro de 2009 no que resolve:** Aproba-lo expediente de xeneración de créditos nº 15.

**Decreto da Alcaldía nº 87/2009 de data 1 de Decembro no que resolve:** Aproba-lo expediente de transferencias de créditos entre partidas do mesmo grupo de función (modificación nº 16).

**Decreto da Alcaldía nº 88/2009 de data 9 de decembro no que resolve:** Aproba-lo expediente de xeneración de créditos nº 17.

**Decreto da Alcaldía nº 89/2009 de data 9 de Decembro, no que resolve:** Prestar aprobación, a factura de suteda por suministro de equipamiento para o edificio multiusos por importe de 20.878,76 euros.

**Decreto da Alcaldía nº 90/2009, de data 10 de Decembro, no que resolve:** Prestar aprobación, a gastos de envío de documentación.

**Decreto da Alcaldía nº 91/2009, de data 10 de Decembro no que resolve:** Acollerse á Resolución do 21 de Outubro de 2009, do Instituto Enerxético de Galicia e solicitar unha axuda polo importe de 14.055,76 € equivalente ao 100% do orzamento.

**Decreto da Alcaldía nº 92/2009, de data 1 de Decembro, no que Resolve:** Levar a cabo a subministración de Equipamento Edificio Multiusos mediante o procedemento de contrato menor, coa empresa SUTEGA MOBILIARIO SL., por un importe de 17.998,93 € e 2.879,83 € de IVE.

**Decreto da Alcaldía nº 93/2009 de data 14 de Decembro, no que resolve:** Autorizar o entronque á rede municipal e a conseguinte alta no servizo de abastecemento domiciliario de auga potable.

**Decreto da Alcaldía nº 94/2009 de data 18 de Decembro de 2009 no que resolve:** Incrementar o servizo de Axuda no fogar e Leonor Díaz Rodríguez.

**Decreto da Alcaldía nº 95/2009, de data 17 de Decembro, no que resolve:** Prestar aprobación ás seguintes facturas Lincolnd iberica s.l., unión fenosa, agromar, Transportes j. Victorino Fdez Freire, Oscar Lopez.

**Decreto da Alcaldía nº 96/2009, de data 18 de Decembro, no que resolve:** Incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística,

**Decreto da Alcaldía nº 97/2009 de data 21 de Decembro de 2009, no que resolve:** Conceder os días 22,23,28,29 e 30 de Decembro en concepto de vacacións, a Dna. Begoña Carrasco García.

**Decreto da Alcaldía nº 98/2009, de data 30 de Decembro de 2009, no que resolve:** Aproba-lo expediente de xeneración de créditos nº 18.

**Decreto da Alcaldía nº 99/2009 de data 30 de Decembro, no que resolve:** Prestar aprobación, á seguinte factura: Setramur s.l. por importe de 8.681,59 euros.

**Decreto da Alcaldía nº 100/2009, de data 30 de Decembro, no que resolve:** Prestar aprobación, aos seguintes gastos: Gratificación Xulgado de Paz, e liquidación agencia tributaria.

**Decreto da Alcaldía nº 101/2009, de data 30 de Decembro, no que resolve:** Prestar aprobación, aos seguinte gastos: Comercial Luseiro, Baser Lugo, Transporte Victorino Fdz, Oscar López.

**Decreto da Alcaldía nº 102/2009, de data 30 de Decembro, no que resolve:** Prestar aprobación aos seguinte gastos: Comisión festas de Vilasante e de Piñeiro, Kilometraje asistencia cursos, kilometraje auxiliares de axuda a domicilio.

**Decreto da Alcaldía nº 103/2009 de data 30 de Decembro, no que resolve:** Conceder Licenza de obra e provisional de actividade a favor de Dmiguel López López.

**Decreto da Alcaldía nº 1/2010, de data 2 de Xaneiro, que resolve:** Aprobar a prórroga do orzamento.

**Decreto da Alcaldía nº 2/2010, de 18 de Xaneiro, no que resolve:** Efectua-la convocatoria para a inclusión no vindeiro concurso ordinario, da praza de Secretaría-intervención do Concello de O Páramo, consonte ás bases aprobadas no Pleno da Corporación.

**Decreto da Alcaldía nº 32010, de data 18 de Xaneiro no que resolve:** Nombrar á Comisión de valoración da praza de secretaria intervención.

Queda decatado o Pleno da Corporación.

#### **5.- DACIÓN CUENTA INFORME DE INTERVENCIÓN.-**

Dase conta do informe de reparo da Intervención municipal emitido o día 26 de novembro de 2009, sobre o recoñecemnto da factura nº 2828 de 24 de novembro de 2009 da empresa automoviles Ditram.

Queda decatado o Pleno da Corporación.

#### **6.MOCIÓN S GRUPOS MUNICIPAIS.-**

Se incorpora neste punto o sr. Concelleiro do TEGA, Don José Luís Díaz López, sendo as 20:05 horas.

Non se presentou ningua moción.

#### **7.-ASUNTOS DE URXENCIA.-**

Non hai.

### **8-ROGOS E PREGUNTAS.-**

Se incorpora neste punto o sr. Concelleiro do PSOE, Don Pablo Armesto Rodríguez, sendo as 20:07 horas.

**Rogos.- Non hai**

**Preguntas.-**

---Pregunta o Sr. Concelleiro do TEGA si se sabe algo das obras do canon hidroeléctrico.

Responde o Sr. Alcalde que aínda non se sabe nada.

---Pregunta o Sr. Alcalde sobre o galardón Lares unidos e sobre ós méritos que reúnen os premiados.

Responde o Sr. Concelleiro do PSOE, que a asociación pertence ao ámbito privado, e que cos seus criterios internos decide dar o premio. Continúa manifestando o sr. Concelleiro do PSOE, que non entende a relación entre o galardón que otorga unha asociación privada cun Pleno que é público, e que pode dirixirse cun escrito á asociación.

Responde o Sr. Alcalde que ó sr. Concelleiro do PSOE é o secretario da Asociación, por iso diríxese a él.

---Pregunta o Sr. Alcalde sobre o expediente administrativo que solicitou ver o concelleiro do PSOE, e sobre a coletilla que de que non se entregaba copia do expediente completo.

Responde o sr. Concelleiro do PSOE que faltaba unha nota de prensa e unha carta resposta do Presidente da Deputación, que estaban dentro do expediente.

Responde o Sr. Alcalde que a nota de prensa na que aparece a compra dun solar pola asociación, así como a nota das subvencións das comunidades vecinales non forman parte do expediente administrativo de reposición da legalidade urbanística que solicitou ver.

Continúa o sr. Alcalde manifestando que outra vez non se lle deixa ver o expediente no mesmo momento no que o solicita, senon que se lle contestará por escrito poñendo día e hora para poder velo e cunha persoa diante posto que non é de confianza como así demostrou sacando fotografías o expediente sen permiso.

---Continúa o sr. Alcalde pedindo que conste en acta que a Consellería de Medio ambiente do goberno de Fraga, concedeu ao Concello 50.000,00 euros para un área recreativa no campo da festa en Santandrea, do que existe proxecto. Veu o convenio da Consellería para a sinatura do Concello e

remitiuse de novo á Consellería, pero o Conselleiro non o asinou porque non podía asinar antes do informe de Intervención. Nese momento cambiou o goberno da Xunta, e o Conselleiro de Medio Ambiente do equipo de Touriño, non seguiu a tramitación perdéndose os 50.000,00 euros, a pesares de que o único concelleiro que tiña esta Corporación do seu partido era de Santandrea, o que quere dicir que o PSOE se llo quitou ó concelleiro do seu propio partido, a pesares de que este pidiera documentación no Concello para facer xestións que non fructificaron.

---Pregunta o Sr. Alcalde sobre ás subvencións ás obras das asociacións concedidas pola Deputación de Lugo e concretamente sobre a obra de adecuación entorno e baixo local social en Vilarmosteiro á que lle concederon unha achega de 12.000,00 euros, pregunta o Sr. Alcalde qué obra é.

Contesta o sr. Concelleiro do PSOE que solicite o expediente na Deputación. Que a subvención a solicita unha entidade privada e que se quere ampliar información que se pode dirixir a asociación ou á Deputación.

Contesta o sr. Alcalde que esperará turno na Deputación para que lle a den.

---Continúa o Sr. Alcalde coas subvencións referidas e sinala a necesidade de que as obras de acondicionamento do Camiño de Friolfe a Santema, necesitan un recheo do camiño para que leve o mesmo nivel, e que é o Camiño o que ten que ceder a favor da pista, e non o revés como ocorre agora.

---Pregunta o sr. Alcalde que é o que van facer no campo da festa de Paredes. Responde o sr. Concelleiro do PSOE, que o pregunte ao Presidente.

---Pregunta o sr. Concelleiro do PSOE, polos 250,00 euros de subvención da festa de San Victorio. Contesta o sr. Alcalde que os gastos van por orde de antigüidade e que se quere que o pregunte por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar no orde do día, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 20:50 horas do día ao principio indicado , de todo o cal eu o Secretario dou fe.

